



talía testro

FOUCCELLAS

Un espectáculo escrito e dirixido por
Cándido Pazó

con
Toño Casais
Dani Trillo
María Ordóñez
Artur Trillo



Presentación

Despois de ‘A secreta obscenidade de cada día’ (1996), ‘Xustiza infinita’ (2002), ‘Bicos con lingua’(2003), ‘A paz do crepúsculo’, ‘E ti quen vés sendo’ (2008) e ‘Demolición’ (2015), Cándido Pazó preséntanos unha nova proposta feita a medida para Talía Teatro arredor a figura de Foucellas, unha idea que Talía tiña no caixón desde hai máis de quince anos.

Cándido Pazó utiliza a figura real de Benigno Andrade e a lenda do Foucellas para afondar non sobre aquel momento histórico, nin sequera sobre o personaxe concreto, senón que aproveita a figura histórica de Foucellas para reflexionar sobre a xestión da esperanza e a administración da derrota, “aínda cando un sabe que a súa causa está esgotada”.

Este espectáculo conta coa axuda a produción da Axencia Galega das Artes Escénicas e Musicais..



A compañía

Talía Teatro aglutina a un equipo de profesionais da escena que baixo a dirección de Artur Trillo acumulan anos de traballo en común e entre os que existe una sintonía na forma de entender o feito teatral.

Un dos puntos fortes da compañía é o nivel de implicación do seu equipo. Un equipo dinámico, activo e con ganas de seguir medrando e enfrontarse con paixón a novos retos e experiencias.

Aborda proxectos que van máis alá do puro entretemento, textos sólidos que falan da condición humana e provocan reflexión arredor de diferentes temáticas, sen por isto esquecer o que leva ao espectador ao teatro: unha experiencia estética en vivo única e irrepetible.

Ademais Talía pon o seu equipo e experiencia artística ao servizo de eventos e programacións culturais: mostras teatrais, escolas de teatro, programacións,...

É unha compañía flexible, con capacidade de adaptación e solucións áxiles que goza de recoñecemento entre o público e o sector teatral. Actualmente ten en cartel os seguintes espectáculos:

- ‘Foucellas’
- ‘Demolición’
- ‘Pelos na lingua’
- ‘Bicos con lingua’
- ‘Rosa Caramelo e outras historias’
- ‘Sopa de Sapo’
- ‘XANGO, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina’
- ‘Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)’



O espectáculo: sinopse

Ano 1952. Un maquis, un guerrilleiro, un resistente. Un dos últimos homes do monte. Dos que a xente podía chamar, xenericamente, un “foucellas”. Mesmo podería ser o Foucellas. Ou non. Ou si. Quen sabe!

Firmeza, teimosía, dúbida, certeza, lealdade, inercia, utopía, inxenuidade, rebeldía, resignación, adaptabilidade, determinación...: as armas dunha crúa batalla dialéctica nun tempo terminal.

Ficción, mito e realidade nunha proposta para pensar un momento histórico... ou pulso metafórico sobre un transo co que, privada ou colectivamente, ás veces nos enfrontamos: a xestión da esperanza, a administración da derrota.



Ficha artística e técnica

Autor	Cándido Pazó
Escenografía	Dani Trillo
Iluminación	Afonso Castro
Vestuario	Martina Cambeiro
Música	Manuel Riveiro
Maquillaxe	Martina Cambeiro
Producción	Auri Ferreiro
Distribución	Artur Trillo
Fotografía e vídeo	Rubén Prieto
Deseño gráfico	Dani Trillo
Axte. de dirección	Belén Pichel
Dirección	Cándido Pazó

*'...Despois de tantos anos!
Anos de estar aí, sacrificándonos. Anos de entrega.
De loita. Anos de vermos a moitos dos nosos
quedaren polo camiño... E agora que? Deixámolo
todo? Abandonamos? Así, sen máis? Como
recoñecendo que todo foi en van? Un esforzo inútil?
Un erro? Que perdemos o tempo, as forzas, a ilusión,
a saúde, a vida... para nada?'*



Cándido Pazó: autor e director

Esta é a sexta colaboración de Cándido Pazó con TALÍA Teatro. Trátase dun director que ademais de poñer ao servizo da compañía a súa longa traxectoria, é coñecedor da maneira de funcionar da mesma e dos seus intérpretes e polo tanto fai que o proceso de creación sexa o máis adaptado posible, aproveitando e optimizando as pericias e potencialidades interpretativas dos actores.

Como autor obtivo recoñecementos polos textos: 'O melro branco'. 'O bululú do linier', 'Ñiki Ñaque', 'Bicos con lingua' e como director por 'Commedia, un xoguete para Goldoni' e 'Nano.'

Martina Cambeiro: vestuario e maquillaxe

Forma parte do equipo estable de Talía desde a súa creación e realizou o deseño de vestuario e maquillaxe de case todas as súas producións, polas que estivo nominada a premios en numerosas ocasións.

Afonso Castro: iluminación

Comeza a súa traxectoria como deseñador de espazos lumínicos na compañía galega 'Teatro da Lúa'.

Despois de colaborar en diferentes compañías onde afronta variadas linguaxes escénicas, no ano 2005 faise parte integrante da compañía teatral 'Abrapalabra', á que acompañará ate hoxe.

Manuel Riveiro: música

Músico e compositor, que realiza un intenso labor creativo no audiovisual tanto a nivel nacional como internacional.

Tamén habitual no equipo de Cándido Pazó, e nesta ocasiónponse ao servizo de Talía para crear o espazo sonoro desta produción.

Toño Casais

Leva máis de 25 anos dedicados ao teatro e vinculado a TALÍA TEATRO. Tamén ten realizado montaxes con outras compañías como Teatro do Atlántico ou o Centro Dramático Galego.

Ten recibido numerosos recoñecementos pola súa interpretación como protagonista nos espectáculos 'Palabras encadeadas' e 'Esperando a Godot' e como actor secundario no espectáculo 'O Encoro', de Teatro do Atlántico.



Dani Trillo

Empezou a súa andadura teatral con Talía teatro no ano 2003 co espectáculo 'Eu así non xogo'.

Ademais da interpretación sempre tivo interese por todos os elementos que compoñen un espectáculo, así foi realizando diferentes traballos: iluminación, deseño gráfico e agora, en 'foucellas' atreveuse co deseño de escenografía.



María Ordóñez

Empezou a súa andadura teatral con Talía teatro tamén no ano 2003 co espectáculo 'Eu así non xogo'. Deste entón realizou xa nove montaxes coa compañía, entre os que destacan a súa interpretación en 'Palabras encadeadas' e 'O método Grönholm' de Jordi Galcerán e 'Pelos na lingua' de VV.AA.

Ten recibido premios á interpretación como actriz protagonista do espectáculo 'Pelos na lingua'.





Artur Trillo

Autor, director e actor. Artur Trillo leva máis de 25 anos dedicados ao teatro e como director da compañía TALÍA TEATRO. Ademais ten realizado montaxes con outras compañías: Teatro do Atlántico, Lagarta Lagarta, Centro Dramático Galego... .

Na súa traxectoria figuran premios á interpretación nos espectáculos 'Esperando a Godot', 'E ti, quen ves sendo', 'Bicos con lingua' de Talía Teatro e 'O Encoro', de Teatro do Atlántico.





talía teatro

Producións Teatrais Talía S.L.
Rúa Touro 31-3ºB, 15704 Santiago de Compostela
Tfnos. 981 943 242 | 630 877 153
info@taliateatro.gal

Espectáculo subvencionado por:

